

Revista



Gallega

SEMANARIO DE LITERATURA E INTERESES REGIONALES

ANO III.—NÚMERO 127

SE PUBLICA TODOS LOS DOMINGOS.
COLABORACIÓN ESCOGIDA.
NO SE DEVUELVEN ORIGINALES.
Redacción y Administración, Real, 30.

DIRECTOR, PROPIETARIO Y FUNDADOR:

GALO SALINAS RODRIGUEZ

Coruña, Domingo 15 de Agosto de 1897

PRECIOS DE SUSCRIPCIÓN

LA CORUÑA, al mes. 0'50 ptas.
FUERA, al trimestre 2'00 »
NÚMERO SUELTO 0'10 »
ANUNCIOS ECONÓMICOS

DON ANTONIO CÁNOVAS DEL CASTILLO

EL hombre de las grandes concepciones; el hombre en cuyo cerebro centelleaban las ideas con luminosa clarividencia; el hombre que en su corazón atesoraba un caudal inagotable de amor pátrio; aquel cuya alma templada á los azares de la política nacional hacía frente á cuantos contratiempos se eslabonan en la vida gubernamental de las naciones; el que jamás desmintió el buen nombre de patriota y siempre consecuente á sus opiniones nunca supo hacer traición á sus sentimientos, acaba de caer bajo la triple detonación de un arma de fuego que el fanatismo puso en las manos del sectario de una causa; que no es causa, porque á los principios que sostiene se oponen los fines que persigue de una manera tan absolutamente abominable cual los procedimientos que emplea para el logro de los mismos.

España está de luto; los españoles todos estamos de duelo.

Ante el estadista habilidoso que en las comprometidas etapas de prueba para la madre patria descubríamos nuestras cabezas, ya no podremos poner á contribución la admiración que por sus talentos sentíamos... Hoy descansa su cuerpo bajo funeraria losa, y sólo podemos doblar nuestra rodilla para rogar al Señor de todas las clemencias que acoja en su seno el alma del que con su nombre llenaba las páginas de la historia contemporánea.

La vida del Sr. Cánovas del Castillo ha sido un encadenamiento de sucesos entre los que descollaba la gigantesca figura de aquel: su muerte fué gloriosa porque sucumbió de la misma manera que mueren los mártires.

Si no bastase su preclara historia para darle cabida entre los grandes hombres que brillaron en el mundo, sería suficiente su muerte para rodearlo con el nimbo de la fama y de la inmortalidad.

Agonizando en su lecho sería el estadista que muere con el dolor de los que en él reconocían su insustituible personalidad; cayendo víctima del plomo homicida es el titán que exhala su último suspiro para vivir por toda una eternidad en la memoria de cuantos sean susceptibles de sentir la admiración que todo lo grande inspira.

El anarquismo infame armó la diestra de un miserable para herir por sorpresa al que era una honra patria; pero el anarquismo no tuvo presente que con tan deplorable acto, al par que elevaba el nombre de la víctima, hundía aun más en el lodo los nombres de los verdugos.

A la lista infernal de los Vaillant, Ravachol, Pallás, Caserio, Henry, Salvador y otros enemigos de la paz social, del orden y del progreso, hay que agregar el nombre funesto de *Rinaldi... ó Angiolillo* para que una misma maldición acompañe á todos los que, obcecados por utópicas aspiraciones, quieren convertir el mundo en un volcán inmenso bajo cuya calcinante lava se sepulten por igual inocentes y culpables, honrados y criminales.

El trágico fin del Presidente del Consejo de Ministros nos sorprendió tristemente, y con el corazón acongojado hemos tenido conocimiento de la infausta noticia.

Canten otros las excelencias de tan ínclito ciudadano, de tan sabio político... nosotros no hemos de repetir lo que en su honor se diga; pero habrá de permitirsenos que, exhalada desde lo más profundo de nuestro corazón, derramemos una lágrima y elevemos una plegaria para que el espíritu de aquel varón fuerte goce de las bienandanzas de la vida eterna.

¡Paz á los restos del llorado é inolvidable D. Antonio Cánovas del Castillo!

LA REDACCIÓN.

RESUME DA HISTORIA DE GALICIA

POR JAN DE OUCES

IDADE ANTIGA

Tradição que os celtas, dirigidos por Brigo, entraron na Galicia unhos trinta séculos antes da nascencia de Noso Señor Jesucristo e foron tal ves os primeiros poboadores do país onde fundaron a cidade de *Brigancia* (Betanzos). Estes homes, como todol-os dos pobos primitivos, non tiñan mais ocupación que o se defender das feras e manterse dos produtos do campo.

Os celtas eran altos e roxos, sufridos, ágiles e valentes. Usaban bragas e cabelos longos. Queimaban os corpos dos que morrían. Rendían culto á divindade no seu *lubre* ou bosque sagrado, no medio de estrondosos asuos, facendo despois unha fogueira en sinal de regocixo, para ó que escollían as altas horas da noite. Tiñan sacerdotes divididos en tres crases: *druídas*, *vates* e *bardos*. Os druidas insinaban a relixión e as leises, estaban encargados dos sacrificios e administraban justicia. Os vates eran os encargados do servizo material do culto, e os bardos eran poetas e cantores: cantaban as fazañas dos héroes, guiaban os guerreiros ao combate e acompañaban as vítimas ao sacrificio. Foron estas nos primeiros tempos os prisoeiros de guerra, pero despois, no canto dos prisoeiros deron en imolar aos malfeitores, e a falta d'estes á inocentes. Metían os en paxes de vimbio e queimaban-os ao son do canto dos bardos. Outras veces sacrificaban a vítima sobre de un altar de pedra derramando o sangue sobre do gentío e os arbres do bosque sagrado. Creían na inmortalidade da alma e miraban con desprezo a morte. Os druidas vestían túnica e manto de liño. Os demais usaban traxes de lan negra a modo de saia e cubrían a cabeza c'unha especie de pucho. Respetaban moito as mulleres e tiñan singelos costumes.

Aos celtas debemos a gaita, a muiñeira, a monteira, os zocos, os cabazos, as cofias das mulleres, as fuliadas, os asuos e outras cousas que aínda se poden ver nas aldeas. O seu idioma é dos mais antigos do mundo e aínda o noso gardao selo d'esa lingua primitiva do país como o proba a correspondencia de moitas das suas voces co'as do antigo pobo dos druidas e os nomes de lugares que teñen sílabas e raíces do celta, como *Pedrido*, *Carnoedo*, *Paderne*, *Fiobre*, *Lambre*, *Lubre*, *Sarandós*, *Aranga*, *Orendes*, *Meirás* ect., e todol-os acabados en *bre* da palabra *bria* ou *brig*. Pero onde mais viva se conserva a lembranza da vida céltica é no grande número de moimentos que aínda temos nas montañas e maríñas e chámanse *dolmens* (furnas de grandes pedras por traballar); *menhires* (pedras enormes espetadas sobre da cova de algún personaxe ilustre); *penas baladas* ou *pedras moventes*; *cromlechs* ou *antas* (sepulturas de familia ou santuarios druidicos); *túmulos* ou *barrows* (montiños artificiais); e sobre todo nos tan coñecidos *castros* de que está inzado o noso territorio.

Moitos séculos despois da invasión dos celtas viñeron por ves primeira á Galicia os fenicios, famosos navegadores e

comerciantes da Asia. Fixeron amizade c'os celtas das nosas costas e espallaron entre eles as luces da súa civilización á troque dos metais, en especial do estaño que tiraban das illas Sisargas. Nas suas espedicións marítimas deron en facerlles compañía os gallegos que así adprenderon á guial-os barcos, a levantar faros, fabricar queixos, ferramentas de labranza e mantas para se abrigar nos leitos que daquela usaban de folia seca, e outras cousas útis que lles debemos. Tamen parece que ven d'eles o cantar do *al-ha-lá*.

Despois dos fenicios viñeron á Galicia gregos dos que destruíran a Troia, porque ao tornar á patria non foron ben recibidos pol-os seus, e recorreron os mares fixándose onde millor acollida lles daban. Tratados aquí con beninidade os que chegaron, fundaron vilas e cidades como *Helenes* (Pontevedra) e outras; e d'eles procede a frauta, o cantar d'alborada, a broa, (1) o dengue das mulleres, o costume de prantear nos enterros, moitos nomes de lugares e milleiros de voces no idioma.

Pasado tempo, o ano 441 antes de Cristo, o goberno de Cartago, podente república da Africa, mandou á Galicia unha grande escuadra baixo o mando de Himilcón para estabrecer faptorías que surtisen á metrópoli de gado e sobre todo de estaño amarelo que era moito cubizado. Foron os estranxeiros ben recibidos e tiveron as milloras relacións c'os natúrás; pero logo imprincipiaron incomodos que trouxeron a guerra para ver de botal-os fora, e despois de vitorias e reveses os gallegos conseguiron dos invasores un tratado de pas que lles respetase a independencia e liberdade. Feito isto auxiliaron aos cartagineses con verdadeiro entusiasmo sobre todo nas campañas que o grande Anibal sostuvo na Hespaña e mais na Italia, porque aquel sonado general soubo facerse querer d'eles e chegar á sel-o seu ídolo hastra o extremo de que lle regalasen unha preciosa armadura; eles lle ajudaron a destruí-la famosa cidade de Sagunto, eles atravesaron os Alpes e loitaron no Tesino, en Trebia, en Trasi-meno e en Cannas se cubrindo de gloria ás ordes do seu xefe Briatio ou Viriato que morreu cal morren os héroes, matando romans na derradeira d'estas jornadas.

Vencido Anibal en Zama perderon os cartagineses a posesión da Iberia; pero os gallegos que odiaban aos romans e tiñan fresca na memoria as fazañas d'aquel grande home, confederáronse c'os lusitans e vaceos, para defensa da independencia do pobo, distinguíndose Bridan ou Brigan que recorreu vitorioso, ao par de Viriato, a península ibérica vencendo aos invasores. Con todo, Serviliano, atreveuse a facer unha espedición arriscada e foi o primeiro general roman que, co'as suas legiós, penetrou en Galicia e puxo cerco á *Erizana* (Bayona), pero tuvo que levantalo e celebrar con Viriato un tratado de pas ben pouco honroso para aquel.

A morte de Viriato, vítima da traición, parés que a sorte das armas gallegas sofreu un cambio véndose mal treitas por Servilio Cepión. Os nosos abós deixaron d'aquela de apresentar batallas campás e encomenzaron a guerra de sorpresas e

pequenos combates con que facían ao enemigo moitas baixas, porque non podía arrematar de un tronce c'un adversario que lle amostraba un fato de homes que tan presto lle facían frente como desaparecían do campo. Para acabar co'este estado de cousas foi destinado a mandal-a Hespaña Ulterior Decio Junio Bruto. Este determinou leval-os seus soldados hastra o derradeiro confin de Galicia e acabar de unha ves c'os rebeldes (ano 132 a de C.) Vencen aos lusitans, asolou Braga e invadiu o noso territorio actual que jugaba ben fácil de conquistar. O país fixo un esforzo. A parte setentrional atacou, pero en condicíos isoladas, e foi reprimido nos primeiros impulsos parecendo apaciguarse debido á que Bruto, conten tábase con abastecer a legión, impoñer unha pequena paga e paitar pas e amizade c'os pobos. Betanzos abriulle as portas; Lambre aguantou o cerco e capitulou por fin. Libunca non opuxo resistencia e d'alí pasou Bruto á Onania que se resistiu con heróica firmeza. Os lambricanos, arrependidos, trataban de ausiliar aos cinacenses, pero Bruto sábeo á tempo, volve sobre de Lambre, tóma-a de novo e perdoa aos vencidos. Este feito de armas e a generosidade de roman deron por resultado que puidera pasar por toda Galicia sen ser atacado seriamente. Foi, pois, á Finisterre, fixo sacrificios no templo de Arasolis, e d'alí partiu á Roma á recibilo trunfo. Pero Galicia non quedaba completamente sometida ao jugo roman, así é que, aos poucos anos, novas partidas aparecen nos montes, baixan á terra chá, entran no Portugal, onde ja se ergueran outras, e a guerra sigue entre vitorias e descabros. En van Julio Cesar destrizou aos herminios e entrou na Cruña, atravesando despois toda Galicia: a loita non se acabou por eso, e só despois de moito tempo, favorecéndolles a fortuna, conseguiron os romans cercar no Monte Medulio aos derradeiros defensores da independencia que se deron á si propios a morte antes de vérense escravos latinos. Este horrible desastre convertiu á Galicia en provincia romá baixo o imperio de Augusto.

Encomenzou a dominación romá en Galicia atopándose en pas todo o mundo coñecido e os natúrás fóronse se acomodando ás leis, costumes e idioma dos vencedores. Poucas luces nos da a historia do que pasou en Galicia naquel tempo. Sábese por eso que os gallegos favoreceron á Flavio Vespasiano contra de Vitelio que lle disputaba a púrpura e que agradecido, despois de vencel-o rival, mandou facer vias, pontes e outras obras públicas e redificar Betanzos, dando á varias pobraciós algunhes privilexios pol-o que, como honor ao César, agregaron aos seus nomes o de *Flavio*, como *Brigancia* e *Lambre* que se chamaron desd'aquela *Flavio Brigancia* e *Flavia Lambris*.

Ao propio tempo estendíase pol-o mundo a lus do Evangelio. Santiago, fillo do Zebedeo, deixou a Judea e atravesando os mares chegou na súa predicación hastra o famosísimo templo de Arasolis o ano 36 da nosa Era, seguido de innumerables gallegos que convertira. San Nataniel, un dos setenta e dous discípulo do Salvador, predicou despois en Brigancia, apartando do error á maioría, do pobo e fixou a súa residencia na pequena cidade de *Virgundo* (Bergondo), e alí mo-

(1) Esta broa facíase c'o millo miúdo, pois o mainzo nos veu de México.

rron chorado e bendicido pol-as suas virtudes. no século I. Encomezaron logo as persecuciós contra dos cristianos, c'os horrores e mártiros, pero o cristianismo non sedesvaía por eso: surgían novos convertidos, edificábanse templos, ordeábanse sacerdotes e consagrábanse bispos non habendo cidade principal que non contase un d'estes, e Ourense, Tuy, Iria (Padrón), Chaves, Lugo, Lambre e outras, gozaron d'esta honor.

Foron os primeiros mártires do noso pais San Epifanio, bispo de Tuy; San Crispulo, San Restituto e outros moitos que sucumbiron desde o ano 85 ao 95, baixo o imperio de Domiciano; e mais tarde correrón a mesma sorte San Marcelo, Santa Eufemia, Santa Mariña e San Domicio. Por fin triunfou a fé católica co'a conversión de Constantino a quen se atribue a fundación da irexa parroquial de San Martiño de Tiobre, ao igual que a creación da provincia Gallega co'a capitalidade en *Brigancia* (Betanzos,) no 330.

(Seguirá)

LAS CONTADORIAS DE FONDOS MUNICIPALES

IV

Es España el país de las incongruencias y de las más notorias anomalías: no es nuestro este pensamiento: ilustres é imparciales escritores antiguos lo han dicho; y los contemporáneos lo repiten á cada momento. Muy mal andubo y cada vez sigue caminando peor, el grado de cultura y civilización en nuestra pátria.

Y tiene razón de ser.

¿Qué es lo que puede esperar hoy ella de una juventud que no persigue otros idealismos que el toreo, el ciclismo, la esgrima, el juego etc., etc.?

Digasele á un padre de familia que su hijo se entrega al estudio de las ciencias ó al cultivo de las bellas artes?...

Rara avis!...

Adviértasele que sus aficiones son el arte de Cúcharés y Pepe Hillo; que sus naturales instintos es seguir el derrotero de Pini; ó formar parte en una ciclalgata, ó que se ha metido bonitamente un puñado de pesetas en el bolsillo visitando á una Sota en el Casino?

Para ese padre que quizá fué criado bajo una educación idéntica, es seguramente un deleite.

Para aquel otro que opina de distinto modo, vése burlada su autoridad é invalidado ó impotente para corregir á su hijo.

¿Por qué? porque tiene que seguir los rutinarismos de esta sociedad tan corrompida, guardando una glacial indiferencia al denunciarle las decididas aficiones de aquel.

Y dirán alguno de nuestros lectores que tengan el mal gusto de fijar sus ojos en nuestro humilde trabajo:

—¿Qué tiene que ver estos cursos de moralidad con las "oposiciones de Contadores de fondos municipales?"

Velay caro lector, *velay*: viene á cuento esta pequeña digresión que me permito hacer; porque, como dice aquel viejo aforismo, de *aquellas aguas vienen*

estos lodos; y las *aguas* son las que en gran profusión nos proporcionan nuestros gobiernos desde *ab initio* con tantas leyes infructuosas, de que está plagada la administración española, desprovistas de todo género de enseñanzas provechosas para la juventud; y los *lodos*, dan esa enjambre de empleados que tan ciegos como entran, así salen de las aulas para vivir de las primicias del presupuesto, sin que sus servicios tengan un fin práctico para el pueblo que les paga, por dedicarse á esos géneros de *sport* que mencionamos.

Porque si los que dirijen el *gobierno* de la Nación, hubiesen procurado en todo tiempo dictar sanas doctrinas para encaminar por la senda del bien á esa decrepita juventud, haciendo menos política y predicando más moralidad, evitaría tantísimo zángano que hoy pulula por nuestra querida España convirtiéndose en buenos ciudadanos que la harían feliz y próspera, al sentar plaza de soldados en la Administración pública, hoy que esta, mas que nunca, necesita de sanos cerebros que la encaucen por el torcido curso á que la han llevado los que al frente de ella se hallaron y continúan hallándose.

He aquí, pues, el motivo de la digresión, que ahora comprenderá el lector, si tiene ó no razón de ser.

Sin incurrir en la menor hipérbole los males del pueblo tienen su raíz engendradora en la falta de educación que desde ha largo tiempo carece el pueblo mismo.

Y esto es un axioma: y como axioma es indiscutible.

Se nos dirá, por alguno encariñado con el Reglamento de 18 de Mayo, que este, precisamente viene á sustentar una doctrina moralizadora en aras de la Hacienda municipal.

No lo dudamos; pero en la forma, como todas nuestras legislaciones, según hemos dicho ya: en la práctica, adolecerá de todos los vicios y corruptelas de que éstas están plagadas.

El *vicio de origen* comenzará ya con las próximas oposiciones.

(Continuará.)

A LITERATURA GALLEGA (1)

Ao antusiasta escritor regionalista gallego, Don Galo Salinas Rodríguez.

(SIGUIENTO)

V

Un escritor d' un originalisimo temperamento ten Galicia, un escritor dino d' un detido estudio que poidería sere unha nota fermosa hasta na mais esplendente literatura; é o poeta Eduar-do Pondal.

Cantor da Natureza mesteriosa, na sua liraalcontran eco os gorgulos das augas e dos queixumes dos piñales, as voces confusas e mesteriosas da Natureza, o selencio medroñento da noite, co as suas somas e os seus cráros de

(1) Fragmento da obra *As Literaturas regionais*, premeada no Certamen Literario de Manresa do ano 1894 c'un premio ofrecido pol-o Ministro de Fomento e Director general de Instrucción pública.

Vézanse os números 119, 120, 121 e 122 d' esta REVISTA.

lua. Todo esto son nos cantos do poeta pantasma de épocas pasadas que él evoca e lle falan n'un linguaxe mesterioso e elocuente á vez, que se trad uz en fermosos cantos.

Non hai na España poeta que tan fundadamente reflexione ao contera-prar as debles, tristes e pasaxeiras manifestaciós da Natureza. Son como as voces do mundo inanimado que fala n'un linguaxe que non comprende o home e que o poeta Pondal, edentificado co elas, escoita ensimismado, as sinte penetrar no seu corazón, as entende e as esprica no linguaxe dos dioses. Galicia ó non comprenderá nin istimar á como él se merez; mais n'él ten un dos fillos no que mais ardente brila á chanma do genio.

Deficilmente un tradutor poiderá dar unha ideia un pouco justa das suas composiciós, ja que mais que na forma seu méreto está no esprito que as anima, na tensión espiritual, no estado psiquico do poeta no momento de concebilas e que tan maravillosamente os sabe infundir, e esto e deficele o trasladalo á unha tradución.

A poesia de Pondal é enteiramente retrospectiva; non pertence aos tempos presentes, pois que para ela ainda se non enventaron os refinamentos da nosa sociedade moderna.

Poideria habere visto nos albores do pobo galáico, entre o primitivo pobo druida, adorador da lua, das prantas e dos ouxetos, e cantar do mesmo geito.

Para Pondal tampouco enventouse o calendario, soposto que as divisiós do tempo e as defrentes épocas do ano, solasmentres as conoz e as nota nos efectos da Natureza, no tempo da sementeira, no tempo da sega, no tempo das neves,.. estes son os seus meses e as suas estacións.

Seus persoaxes cantan os anos pol-as ditas faenas do campo. Ten quince abrils, dicimos nos d' unha doncela, mais él dí: veu sementar quince veces.

Vede aquí unha das suas poesias mais singelas:

LA FADA DE LAS MONTANYAS

Verge divina de febles alas
que alegre volas pel dols Abril,
fendint els ayres ah bellas galas
desconeguda, presta y gentil;

Verge que á voltas entre l' estaige
de l' enramada vens á habitar,
tal com á voltas entre 'l boscatje
te sols sens rastres evaporar;

de tas aletas la remor bella,
y de tos passos só encisador,
que no arpelega la fina orella
mes que se senten dintre del cor;

sentí mil voltas durant ma infancia
de l' Erin verde sobre 'ls pradells,
y de ta vesta sentí fragancia
quan me fregavas ab tos mantells.

Qui ets ignoro; no sab ma pensa
d'hont vens, hont marxas, ni sé ton fi,
ni sé 'l misteri de ta existencia,
ni 'l llunyá dia que 't coneguí.

Si sigué als herms de Carboeiro,
ó allá en las pradas d' Oca ó Buxán,
ó en las alturas de Portomeiro
ó entre las boyras de Barrañan.

Si en las agrestas devesas d' Esto,
ó als fons de Bránomas ó d' Angeriz;
si en las solanas de Corcoesto,
ó allá en las simas de Gomariz.

Si de la boyra que 'l día esfuma,
si de la terra en son fondo cor,
si de las costas en 'l alba espuma,
ó de 'l estrella dins son fulgor.

Si en las tonadas harmoniosas,
si en las pinedas al gemegar.
si en los abismes, si al cor de rosas,
o dins las onás al estrellar.

No sé... mes servo la teva historia,
pro no recuerdo cóm l' aprenhui,
ni menys recuerdo ja en ma memoria
per qué dolcesas de tu sentí.

Potser celesta reminiscencia
ets d'altra vida que ja passá;
qui ets ignoro, serás l' esencia
d'altre existencia qu' arribará?

Verge dels celtas amichs dels astres,
dels nobles celtas bons y sapats,
tal volta habitas dias de las castres
gení dels nostres nobles passats.

Ja que en la terra que el home lliga
sembla no hi haja pau ni repós,
en l' aspre terra, oh bona amiga,
ton vol atura vertiginós,

Y jadeu! dihenti á la negrosa
regió que l' home n' está habitant,
juntets llensantnos pel cel, hermosa,
regions inmensas, nírém creuhant.

JOSEPH ALADERN.

(Seguirá.)

(Traducido directamente do catalán,
este artículo foi tomado de *Lo Somatent*.
de Reus.)

Prosa y Verso

FANTASIA

¿COMO FUÉ?

A mi muy querido amigo
Francisco Colom y Escoda,
distinguido periodista catalán.

I

¿Qué cómo fué?...

Pues atiende y lo sabrás.

Lo sabrás tú sólo, mi mejor, mi único amigo,
y en obsequio á nuestra amistad no vacilaré
en torturar mi corazón martirizándolo con el recuerdo
de una historia de lágrimas y de sangre...

¡Como que en esa historia figura una mujer
coqueta sin alma, sin sentimientos!

¡Una mujer...!

En mi pensamiento la había dado forma:
la adivinaba, la soñaba; había hecho una
creación para mí, para mí sólo: ideal, divina,
hermosa, perfecta...

Nó, mujer así no podía existir.

En mis delirios la imaginaba cariñosa,
angelical, bondadosa, amante, inclinada á
todos los sacrificios en holocausto al amor
que sabría inspirar, al amor idolátrico que
por ella podría sentirse...

¡Nó, mujer así no debía de existir!

Así lo creía yo al menos.

Pero existía.

¿Qué cómo lo supe? ¿Qué cómo la encontré?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Paseábame por la playa.

En las espumosas y agitadas olas distantes
de la orilla movíase algo que llamó mi
atención.

Dirigí hacia aquel sitio mis gemelos y vi
que lo que había atraído mis miradas era
una mujer que con ondulaciones de sirena
cortaba el agua en todas direcciones nadando
con facilidad pasmosa.

Nadie mas que ella y una señora de edad
que junto la caseta la esperaba, había en
aquellos momentos en el arenal.

Repentinamente, en uno de sus giros vi
que la nadadora se sumergía en las ondas.

Miré con ansiedad y vi que de nuevo
apareció en la superficie... mas de pronto se
hundió otra vez... y otra... y solamente distinguiéndose
dos brazos que en el aire, aloca-
dos, se movían queriendo asirse á algo... á
algo que no encontraban...

—¡Socorro...! sentí que una voz angustiosamente
gritaba...! La de ella.

—¡Hija... hija...! ¡se ahoga...!—escuché
que clamaba la señora—que por ella esperaba...

Me desembaracé de mi chaqueta, tiré á
un lado el sombrero y rápido, sin pensar,
movido por una fuerza superior, lancéme al
agua y nadé hasta el lugar en que estaba
desarrollándose la catástrofe.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

nfestada... ¡qué se yó!; pero no había duda,
yo notaba que, poco á poco, el hielo iba invadiendo
aquel corazón que se me había dado todo, todo entero
en esta vida y en la otra; en la eterna vida de los espíritus,
en la vida material de la carne...

IV

El crepúsculo vespertino conducía, aprensado
por sus invisibles dedos, la punta del luctuoso manto
que sume en la obscuridad á la tierra en las horas
fúnebres de la noche...

—¿Qué tienes, amor de mi alma...?

—¡Nada... no sé...! ¡creo que miedo!

—¿De qué?

—¡De tí, de mí, de todo y de nada...!

Cogí su mano y la oprimí con transporte
entre las mias...

La suya estaba fria... las mias abraaban...

—¡Ah!—dijo—me hiciste daño...

En efecto, mi sortija imprimiera un
cárdeno surco en su sonrosada epidermis.

¡Mi sortija, aquella sortija que al morir
me había colocado en el dedo mi madre, mi
santa madre...!

—¡Toma... hijo—me dijera—es para tí,
sólo para tí...!

Pero en aquel momento; en el momento
en que mi adorada se sintió dolorida ¡pecado
horrendo mas tarde purgado! me olvidé de
mi madre y arrancándome la sortija de oro
en la que se engarzaba limpio y soberbio
solitario la coloqué en el dedo de mi bella...

¡El consorcio estaba hecho...!

V

Y pasó mas tiempo.

Una noche mi ilusión ya no me esperaba
porque en cambio me aguardaba la desilusión...

Por las persianas de su alcoba salían
rayos de luz.

Acerquéme... no estaba sola...

Escalé la ventana... dirigí la mirada hacia
el interior...

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

II

Y pasó tiempo.

Yo la amaba tanto que dudaba del amor
que ella me decía que me profesaba, porque
no podía creer que pagase lo intenso de mi
cariño con aquel entusiasmo que yo por
ella sentía.

Pero me amaba; al menos así me lo aseguraba
cuando enlazando sus brazos á mi
cuello, depositaba en mis labios un ardiente
beso que repercutía, allá, en mi alma, poniendo
en tensión mis nervios.

¡Y que hermosa era!

Sus ojos, aquellos ojos árabes, grandes y
rasgados... la nariz de puro corte helénico...
blanca la tez, rojos los labios como la guinda...
pequeña la boca, aquella boquita nido
de besos, custodia de nácares y de corales,
y aquel óvalo perfecto, conjunto de tanta
belleza, todo ello velado por la abundosa
cabellera del color de la endrina, manojos
de ébano hilado, tenía en sí todas las
apariencias de la hermosura que á sus femeniles
inspiraciones pictóricas daba el genial
amador de la Fornarina.

Yo la adoraba con arrobamiento... como
no se debe amar en la tierra; como no se
puede amar; como no quisiera amar ya más
en la vida, porque en mi amor había algo
de celestial y de satánico; mezcla de Paraíso
y de Infierno... algo de salvación, mucho de
condenatorio... ¡nada de redentor...!

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

III

Parecíame que en el alma de mi amada,
algo anómalo ocurría.

Preludios de tempestad aun no desarrollada;
síntomas de dolencia todavía no ma-

Sali del manicomio con una pena abrumadora en el alma, escaldados los ojos por el llanto, afligido el corazón por el relato oído.
¿Sería verdad lo que aquel pobre alienado me contara con tan incongruente frase? ¿Era todo producto de su fantasía? ¿Podía yo darle crédito?

No me lo preguntes, amigo Colom; no sabría contestarte; únicamente pudiera decirte que hay en la vida de los humanos momentos en los que el hombre mas cuerdo se semeja al loco mas desenfrenado, y otros en que un loco se parece al ciudadano mas pacífico.

Todo consiste en que una mujer se nos apodere del corazón y quiera jugar con él... Si lo acaricia ¡qué felices somos...! Si lo tiraniza ¡cuán desdichados nos hace...!

¿Tú amaste? ¿Sí? ¿No?...

Dimelo para hacerte juez en esta causa.

Jalo Salinas Good.

FERO MEL

(Do libro "Impietats", do poeta catalán Joseph Aladern.)

Da miña nai, no colo agarimoso, deprendin á rezal-as oraciós: tan doces e singelas as pregaba que no berce as pechei no corazón.

Hoxe escoito na eirexa como rezan aqueles pregos que escoitei de neno, y-aqueles oraciós, n-outrora doces, alcontro cheias de crueldes feros.

CARLOS FLORENCIO.

A Cruña, 1897.

Del pasado

¡BOA FEIRA!

CONTO

Quen vay a festa rompenll' a testa e perd' ó que ten, boa festa lle ven.

(POPULAR)

I

Salin eu d' a miña casa un luns, pol-a miñan cedo, a cabalo d' o meu faco qu' é lixeiro com' o vento.

Levaba n-a miña alforxa un lacón cuaseque enteiro, unha bola de pan trigo, un bon anaco de queixo e unha cabaza con viño, un bon viño, viño bello.

N-a bursa levaba cartos para mercar un xubenco, n-a feira qu' o vinteseis hay, à caron de Lestedo.

Puxen o faco en camiño, e ende chegando xa preto de Marrozos, arredeime pol-o medio d' uns centeos, c'o fin de pillal-o atallo e chegar á feira fresco.

Arrecadei o meu faco, pois o cháñ é moy barrento, e estonces pidium' o corpo botar un grolo, e boteino.

II

Eran, así, com' as oito; muy ausente estaba o tempo,

chiaban os paxariños, o sol douraba os penedos: entr' as herbas d' a cortiña rebule a auga d' un rego; sobr' as follas d' os carballos, d-as silvas, d-os castiñeiros, moitas pingotas d' orvallo, que de noite foi caendo, rellocían, cuasemente como estrelas, dende lexos. O ver tan garrid' o campo ¡pardiolas que daba xenio!

III

Cheganá' ó pé d' un muiño vin, sentada n-un portelo, á rapaza mais garrida que á terra botou o Ceo.

Unha cariña, mais branca que un limpo pano de lenzo; uns ollos, que alumeaban mais que a lua de Xaneiro.

Cando cheguei cabo d' ela dixenlle — Lévem' o deño, si vin ollos mais garridos que eses ollos q' estou vendo, nin boca mais pequeniña, nin uns labeos mais bermellos, nin un corpo mais xeitoso, nin unhos pés mais pequenos.

¿Cómo te chaman, roxiña?
—Cando estou muy lonxe á berros,
—Sei que tes ganas de leria!
Fala neníña, ¿tes medo?
—¡Boo!... xa sei que me non comes pois teño duro o pelexo.
—Non molas, dim' o teu nome.
—¿Pra que queres ti sabelo? teñ' o mesmo que me puxo, dempois de nacer, o crego.
Vaya signe teu camiño pois aquí perdol-o tempo.
—¡Abofellas! ¡vaya un conto!
Vidiña non che dou creto.
¿Serás brava com' un toxo, tan garrida cara tendo?
Vamos, rapaza, se boa e dime axiña, n-un verbo, cal é o nome que n-a pía os padriños te puxeno.

—Pois ben, chámome Xuana, Marica, Pepa, Remedios, Cristóba, Esteba, Farruca, Catuxa...—Tou, tou ¡que deño!
Dí, que te chamas prenóstico, e mais presto acabaremos.

Pero, miña filla, abasta de parolas, que xa lelo me volves; fala ben, nena, dim' o teu nome de certo.

—Boite! Pois chámome Andresa.

—Dende logo lle prometo á San Andrés de Teixido unha festa n-este inverno.

Agora, pois, miña xoya, vamos, que inda teño tempo, á botar xuntos un taco e ademais un par de netos.

—Dios ch' o pague; mais non como non tendo coñecemento...

—¡Vá, vá! Deixate de contos; un bon lacón aquí levo pan e queixo; e levo un viño d' aquel que dá folg' o peito.

IV

Por fin foi aquela nena pouco á pouco amolecendo: collin as miñas alforxas, comimos como dous nenos e votamos uns bos tragos d' aquel viño milagreiro.

Oimos tocar as doce n-a parroquia de Lestedo; estabamos tan adiante... chegábamnos á poñernos tan maduros como figos... cando (quixera esquencelo) apareceron dous mozos, fortes coma dous esteos,

e botáronsem' enriba, mallando en min tan á oito, que presto n-o chan cainme, perdend' o coñecemento.

V

¡Moy escura estaba a noitel recordei...e tiven medo, cando volvin ao sentido c'os meus ollos entreabertos. Alembreime de Andresiña, d' os q' o corpo me moeron, d' o meu faco, d' as alforxas, d' a bursa d' o meu diñeiro, Cacheime... nin un carto, chamei ó faco, busqueino, e nin faco nin alforxas; todo foi á dar ao inferno.

Erguinme, non sin traballo, con tan negros pensamentos, o corazón tan ferido, tan doridol-os lómedros, que camiñar non podía. Aquí cayo, aló tropezo, poiden chegar hastr' a casa cand' estaba amafecendo, atirisido de frio e ben quente o meu pelexo.

VI

Deprendan todos de min os rapaces d' estos tempos. Quen quixer coller a froita que s' atopa n-o horto alleo, perde, coma min a besta, as alforxas, o diñeiro; e, de contra, sac' o corpo que mesmo dá noxo velo, con mais paus, que leva o liño pra lle tirar os tomentos.

Quen vai a festa rompenll' a testa, e perd' ó que ten, boa festa lle ben!

† BENITO LOSADA.

Crónica Semanal

PALIQUE

—Diol-o conserve, tío Chinto, e ó libra dos auerquistas por toda a sua vida.

—Moitas gracias, Mingoté, e á ti dséxote ó mesmo.

—Dígolle en verdade que mesmo púxo-melle doente a noticia do asesinato do señor de Cánovas.

—¡Cala, ho, cala...! Eu non sei onde imos á parar con estes diaños de revolucionarios.

—Pois ao lugar dos diaños, ao inferno.

—Eu non sei que castigo lle daría ao larpeiro que matou á un home que tanto valía como o señor de Cánovas.

—Pois eu sí que sei o que lle faría.

—Enforcalo...

—¡Cá, non, señor!

—Atusilalo...

—¡Cá, non, señor!

—Empezoñalo...

—¡Cá, non, señor!

—¡Home! ¿pois qué, destonces, afogalo quizáis...?

—Escoite: primeiramente e tomando exemplo da enquesición, dáballe toda cras de tormentos para que descubrise os seus coñecementos, porque de seguro que os ten.

—¿E se non cantaba?

—El cantaría, pero se ó non fixese eu esculcaría onde habia anarquistas, prendiaos e os puña á bon recaudo.

—Bueno, pero eso nada tiña que ver co él.
—¡Atenda! Despois juntaba medio cento de cativos d' eses mal criados que hai hoxe no día...

—¿Para qué, ho?

—¡Espere! Dáballe unha subela á cada un, encadeaba á parede á Rinaldi, que è o asisino. e mandaba aos cativos que co as subelas queentadas n'un anafre lle furasen a pelexa por total-as partes.

—¡Home, eso eche salvaje do todo!

—Escoite que aínda lle non tirmineí.

—¿Onde irás á parar ti, Mingullo?

—Despois de lle tornar o coiro n-unha criaba hasta ó deixar morto, cortalo en bocadiños, fritilos en sain e darllos á comer aos outros anarquistas.

—¡Jesús, ho! ¡Avo María! ¡Eso é unha barbaridade!

—Pois aos bárbaros hai que tratalos barbaramente.

—¿E non atoparias outro castigo, Mingullos?

—Si, señor; mire, farialle engulir un revolver cargado, c'unha liña atada no gatillo e cando o tivese ben drento, tirar da liña e ¡pum! dispararlle os seis tiros na tripa...

—¡Home, cálate que arrepiaseme todo o corpo!

—Ou se non meterlle un canuto de dinamitra por...

—¡Pol-o demo que te leve...! Non parez senon que hoxe ves ti tamén de ole para me asustar.

—Susto si que ó levou a gente que paseaba pol-a rua Rial na noite da cuarta feira.

—¿E por qué?

—Serían sobre as oito cando sinteuse o estoupar d' un tiro.

—¡Porra!

—Todo o mundo correu; uns metéronse nos portás das casas, outros querían chamar aos gardas e outros berraban.

—¿Pero que fora?

—Pois un cativo que estralara un foguete no chán.

—¡Condanado...! Ja cho creo que levarían todos susto estando tan fresco o conto do coitado señor de Cánovas.

—Como fresca a auga que n'un botixo levaba un rapaz.

—¿E qué ten que vere...?

—E tanto que ten: elle o conto que trasantonte pasaba un rapaz pol-o fiolato, e un dos das alcabalas perguntoulle se ti que levas ahí, neno? Pois, levo auga, dixolle.—¿E ti queresme dar un goto?—¡Beba! E o das alcabalas bebeu e non ben puxo o picho do botije nos fociños escomezou á botar cada terno que mesmo espantaba.

—¿Por qué, Mingos?

—Porque ó que o botijo tiña era auga... salgada do mare.

—¡Estivoche boa a bulra!

—Como a dos gitanos.

—¿E logo?

—Que uns gitanos que viñan de Amérecia e traquíen sei que oitenta mil pesos...

—¡Recontra... oitenta mil pesos uns gitanos...! Ja tenderían que compor caldeiros e trocar burros para faguer tantos cartos... porque, mira que oitenta mil duros sonche moitos duros.

—A cousa está en que os quixeron timar e un que estaba tolo, ou aparentaba estalo, arremeteu a labazada limpa c' un gitano vello, todo en groma, que á pouco ó derrea.

—E un dicir que estiveron de festa.

—De festa si que están n' este tempo todol-os pobos de Galicia, e haille por ahí cada programa de festejos que dá a hora pol-o estomballantes.

—¡Home, non mintes, tes razón!

—Vínle un que escadrillóme de risa: comisión do seo do auntamento, é un dicir, como se fose criada aos seus peitos, grobos pintados con gusto, cando eu pensaba que o serían con pintura; danzas gremiales, bombas de tripas de palenque...

—¿E eso que é?

—Non ó sei: alegres dianas...

—Pois qué ¡hai dianas tristes?

—Eles ó saberán, e, en fin, outros disparates pol-o geito, porque se imos á lér os nomes dos fogos con tantos brilantes, esme-

raldas, rubises e alcumes tan raros, da ganas de rire con toda a boca.

—Si, home, si; pol-o visto na redución dos tales programas soen faltar a gramática a sinderesis e hasta o sentido común.

—O mesmo lle pasa con esas obriñas do teatro moderno que chaman de pezas por hora, ou do genero cativo...

—¿E desonces que lles pasa á esas pezas?

—Que n-elas non hai poesía, nin arte, nin literatura, nin tan sequera decencia porque din en algunhas tales chistes que fan poñer encarnados aos pelouros das ruas.

—¿Pois como è que se esprica o éisito que outeñeu?

—Porque agora estragouse o gusto do público que ja non alcontra recreacións nas zarzuelas decentes e de enquivocos cultos, senon nas porqueiras que lle dan sen argumento nin cousa que ó valla, e se satísface con ver pernas gordas e ouvir cuplés framen-cos con bailes que parecen que están as coristas desgonzadas.

—Tes razón que che abonda, e non hai mais que ver que ven unha compañía de obras serias e están os teatros valeiros asina en Madril como nas provincias, e no troco veñen osas outras de *perro chico* e ves os locais cheos... hasta de señoritas que renegan de ver á Tubau.

—¿Sabe que vosté aínda non deixa de estar ben enterado?

—Home, para algo un lè os boletis, que son os que ilustran ao pobo, Mingote.

—¿Vosté creè eso que di? pois... boas noites e... *apaga è imonos*, tio Chinto.

Pol-a copia,

JANIÑO

Críticas

EN EL CIRCO CORUÑÉS

Con creciente éxito viene trabajando en el teatro-circo la compañía de zarzuela del llamado género chico, pues la empresa tiene el buen acuerdo de renovar las obras con frecuencia ofreciendo zarzuelitas nuevas de las recientemente estrenadas en Madrid.

Del desempeño de las mismas ya hemos hablado anteriormente haciendo constar que todos los artistas se esmeran por salir airo-sos de su cometido, y, efectivamente, lo consiguen no obstante el poco ó ningún interés de la mayor parte de las obras que ponen en escena alguna de las cuales, como *La casa de la tripe*, ha habido necesidad de retirarla del cartel por lo insulso y descabellado de su argumento, procedimiento que debiera emplearse con otras varias que además de insustanciales resultan libres en demasía.

Tenemos que hacer algunas advertencias á cierta parte del público que, abusando de la complacencia de los actores, obliga á estos á que repitan con exceso determinados números de música causando en aquellos la consiguiente fatiga y exponiéndolos á que en las repeticiones no estén afortunados, lo que, en este caso, promueve el consiguiente enojo de los poco considerados.

Esto debe evitarse, teniendo la oportuna prudencia y comprendiendo que los artistas no son máquinas á las que, ni aun siéndolo, se las puede forzar sin exposición á que exploten... y hay que huir de las explotaciones.

Del mismo modo debemos advertir á los actores que en casi todas las piececitas cantan *couplets*, que no se dejen sorprender por aquellos que se los envían para que los hagan conocer, pues á veces encierran alusiones que al artista no se le alcanzan y que le exponen á un descalabro por la mortificación que ocasionan á los aludidos, quienes de hallarse presentes no podrán por menos de sentirse molestados, no siendo extraño que en unión de algunos amigos, en la menos

pensada ocasión, protesten de un modo poco agradable para el artista, y esto debe de prevenirse.

Hay individuos que sin valor para hacerse solidarios de sus actos, y deseosos de herir susceptibilidades ó de vengar rastreras rencillas, no vacilan en comprometer á un tercero utilizando su desconocimiento de ciertas cosas para hacerles pasar por cabeza de turco, dándose por cierto en ellos aquel adagio de *tirar la piedra con mano ajena*, ó el otro de *tirar la piedra y esconder la mano* lo cual es muy censurable.

Otros hay que no llevan tal intención, sino la de hacer un chiste que por extremarlo les resulta un insulto confundiendo la gracia con la desvergüenza, con lo cual cometen una falta de la que no pueden eximirse aunque la cometan de una manera inconsciente.

En el deseo de que no se dé lugar á serios disgustos, hemos hecho las anteriores advertencias hijas del aprecio que nos inspiran los simpáticos artistas que actúan en el Circo, y encaminadas á que no se dejen sorprender por ligerezas que pueden llegar á ser *pesanteces*: otro deseo nos anima, y es el de que los autores de los *couplets* comprendan á lo que se exponen, pues si bien todo lo anónimo lleva en si el sello del desprecio que inspira á quienes son objeto de mortificantes alusiones, momentos hay en que la paciencia se acaba y surge la intolerancia.

Y basta y sobra sobre este punto.

La compañía agrada cada vez más y nos complacemos en reconocerlo así.

Lástima que el escenario del Circo no corresponda á las necesidades de algunas obras ni en espacio ni en lo que se refiere al decorado, pues esto hace que su representación sea deficiente.

Sigan portándose así los recomendables actores y continuarán obteniendo el aplauso del público y el modestísimo que les tributa.

ORSINO.

Informaciones

DE ROSALIA CASTRO

Nuestro distinguido amigo el notable escritor sueco Göran Björkman á quien es deudora la literatura gallega de ser conocida en aquellos lejanos países, acaba de publicar en la revista sueca, *Scens Rdam-Tidning*, una traducción de la hermosa poesía *A Bandolinata* del tomo *Follas novas* de nuestra inmortal Rosalia.

Felicítamos nuevamente al señor Göran Björkman por sus desvelos en dar á conocer nuestra literatura en el extranjero.

DEBIERA IMITARSE

La diputación foral provincial de Navarra ha acordado sacar á concurso la provisión de una Cátedra de lengua euskara para ser explicada en aquella universidad.

En el ayuntamiento de Mataró las sesiones son bilingües, expresándose las mi norías en catalán y la mayoría en castellano.

Buena lección para los que aquí tienen á menos el hablar nuestro dulce idioma patrio.

DE GALICIA

En el número de hoy comenzamos la publicación de un resumen de la historia de Galicia, debido á la erudición de nuestro querido compañero de redacción que firma con el pseudónimo de *Jan de Ouces*.

Creemos que nuestros amables lectores verán con gusto tan interesante trabajo.

¡LÈNDA DE HORRORE!

(A MITRA DE FERRO ARDENTE)

TRADICIÓN GALLEGA ESCRITA EN VARIEDAD DE METROS POR

— GALO SALINAS RODRIGUEZ —

PRECIO: **2** PESETAS

De venta en la Librería Regional de D. Eugenio Carré Aldao, Calle Real, núm. 30.
LA CORUÑA



SIDRA CHAMPAGNE MARCA GAITERO

No necesita recomendación: pues sabido es de todos, que es pura manzana y la que más barata se vende.

De venta en los establecimientos de don Luciano Pita y doña Lorenza Pérez Marey.

NOVEDADES

PANORAMA SALÓN DE 1897, 10 cuadernos á 1 peseta.

PARÍS S'AMUSE, 10 livraisons á 1 peseta.

EL MUNDO NAVAL, á 1'50 pesetas número.

ESPAÑA ILUSTRADA, láminas en fototipia 1 peseta cuaderno.

Fíguro salón de 1897, cuadernos con una hermosa lámina de gran tamaño, en colores, pesetas 2'50.

Todo lo publicado en el género de Portfolios y Panoramas y todos los números extraordinarios del
Jubilee Diamond the Queen

Todas las últimas obras francesas publicadas.

GRAN SURTIDO EN OBRAS EXTRANJERAS, INGLESAS, PORTUGUESAS, ITALIANAS, ETC., ETC.

OBRA NUEVA

ESTUDIOS HISTÓRICO-CRÍTICOS DE LA CIENCIA ESPAÑOLA

POR

JOSÉ R. CARRACIDO

Un volumen en 8.º prolongado de 230 páginas, 3 pesetas.

De venta en la imprenta y librería de Eugenio Carré, Real 30, Coruña.

OBRA IMPORTANTE

PATRIA Y REGION

Obra nueva con apuntes sobre el regionalismo

POR

SALVADOR GOLPE

Un volumen de cerca de 300 páginas 3 pesetas.

REAL 30 IMPRENTA Y LIBRERÍA DE EUGENIO CARRÉ ALDAO GALERA 23
LA CORUÑA

Primera casa en Galicia en obras nacionales, extranjeras y regionales.
Ilustraciones, revistas, periódicos de modas de todos los países.
Suscripciones, ventas y comisiones. Administración de obras.

GRANDES NOVEDADES

COMERCIOS PRINCIPALES Y RECOMENDADOS DE LA CORUÑA

LA NECESARIA.—SAN ANDRÉS 63 BAJO.—Centro general de noticias sobre inquilinato. Director, *E. Aranda Losada*, Procurador.

LORENZA PEREZ MAREY.—*Ultramarinos.*—BAILLEN 2.—Café superior, botellería selecta. Se garantizan clases, peso y medida.

EMILIO HERMIDA.—*Guarnicionero.*—FRANJA 42.—Monturas, frenos, correas, fabricación de cuantos objetos pertenecen á esta industria.

MANUELA SERANTES.—REAL 15.—Sombreros, arreglos, últimas novedades en tocados. Esmerada confección de coronas

FRANCISCO LOPEZ, Encuadernador.—LUCHANA 32.—Encuadernaciones de lujo y sencillas en papel, tela y piel. Esmerado trabajo y precios sin competencia.

CAFÉ NO ROESTE

de Manuel Rodríguez
RUA-NUEVA 13

Fotografía de París
DE JOSÉ SELLIER
SAN ANDRÉS 9.

CASA DE BOEDO.—SAN ANDRÉS 15.—Marcos dorados, cromos, cajas de pinturas, espejos y toda clase de utensilios para ribujo

B. ESCUDERO E HIJOS.—ORZÁN 74 y SOCORRO 35.—Talleres y almacenes de Mármoles. Especialidad en obras de cementerios y decoraciones de edificios.

MANUELA JASPE.—ESTRECHA SAN ANDRÉS 7.—Armaduras, flores, plumas sombreros adornados para señoras y niños. Última novedad.

LA FLOR JEREZANA.—RIEGO DE LAGUA 42.—Vinos blancos y tintos por litros y embotellados. Aceitunas. Precios módicos.

ANDRESSOUTO RAMOS.—MARINA 28.—Agente de Aduanas y consignatario de vapores.

HOTEL CONTINENTAL DE MANUEL LOSADA.—*Olmos*, 28 Coruña.—Situado en el mejor punto de la población.—Habitaciones cómodas.—Servicio esmerado.—Hay coche de la casa á todas horas.

LITOGRAFIA «LA HABANERA»

de EMILIO CAMPOS, Calle Real, 84.—Trabajos esmerados. Precios económicos.—Prontitud en los encargos.

NEMESIO ESCUDERO.—REAL 4.—Bazar de ferretería, loza, batería de cocina, juguetes, artículos indispensables para las familias.

F. GARCIA Y COMPANIA.—*Fábrica y depósito de calzado.* Materiales inmejorables. Especialidad en calzado á la medida.—REAL 45.

Para viaje

Guías de ferrocarriles, Anuarios, Nuevos viajes circulares, Establecimientos balnearios, etc., etc.

Guías y planos de las regiones de España y poblaciones más importantes.

LIBRERÍA DE CARRÉ, REAL, 30, CORUÑA

VINO LEGITIMO MEDICINAL

con QUINA y HIERRO de la casa **Fernando González**, de Jerez de la Frontera.—Depósito en la Coruña, Ultramarinos de TIBURCIO ROMAN MATE, 114 San Andrés 114.

LA BANDERA ESPAÑOLA.—Línea de vapores correos entre la Coruña y la Isla de Cuba.—Salidas quincenales.—Consignatario D. DANIEL ALVAREZ, Riego de Agua 60.

ANDRES VILLABRILLE.—*Médico.*—SAN NICOLÁS 15 PRINCIPAL.—Horas de consulta, de doce á tres de la tarde.

ODAS DE ANACREONTE

Versión gallega

DE

FLORENCIO VAAMONDE

EDICIÓN MIGNÓN

LA MÁS COMPLETA DE TODAS LAS VERSIONES

UN TOMO DE 176 PÁGINAS

se ha puesto á la venta al precio de

1'25 pesetas

Dirijanse los pedidos á la

IMPRENTA Y LIBRERIA DE E. CARRÉ

REAL, 30—Coruña.



BANA Y VAZQUEZ

Consignatarios

De vapores para todos los puertos del litoral

3 SANTA CATALINA 3

LÍNEA DE VAPORES ASTURIANOS ENTRE BILBAO Y BARCELONA

Agentes del LLOID ALEMAN

3—SANTA CALALINA—3

Gran Almacén de Música

PIANOS, INSTRUMENTOS Y ACCESORIOS DE TODAS CLASES PARA BANDA MILITAR Y ORQUESTA

CANUTO BEREÁ Y COMP.^ª

38—REAL—38

(CASA FUNDADA EN 1854)

Únicos exclusivos representantes de las fábricas de pianos Erard Ronisch y Estela Bernareggi.

Ventas á plazos

Inmenso surtido en obras musicales sobre motivos de aires gallegos. Armoniums ú órganos para iglesia. Instrumentos de salón Cuerdas y Bordones.—PIANOS DE ALQUILER.

38—REAL—38

HAMBURG-SUDAMERIK HISCHE
DAMPFSCHIFFFAHRTS-GESELLSCHAFT



Compañía Hamburguesa sudamericana de vapores correos

AL RIO DE LA PLATA

Directamente

Para Montevideo y Buenos Aires saldrá de este puerto el 14 de Agosto directamente el magnífico vapor de nueva construcción de 7.000 toneladas

CORDOBA

Admiten carga y pasajeros. Estos buques tienen magníficas instalaciones para los pasajeros de tercera clase. Se hallan dotados de luz eléctrica. Llevan cocineros y camareros españoles.

Para más informes, dirigirse á los Representantes en la Coruña, Sres. *Hijos de Marchesi Dalmau*, Fuente de Sna Andrés, 7, principal.